

XOGAMOS COS SONS

Esta semana propoñovos novas actividades para seguir traballando a linguaxe desde a casa.

1 Construír o noso nome.

Imos xogar cos sons das letras do nome. Para iso propoñovos crear o noso nome en clave secreta. Buscamos obxectos que comecen con cada unha das letras do noso nome e construímolos seguindo no exemplo.



Cando o teñades, podedes facelo co nome do resto da familia ou con outras palabras que vos gusten.

Podedes mandarnos fotos das vosas creacións, seguro que nos van gustar moito!

2 Facer rimas.

Picade na seguinte ligazón onde atoparedes un divertido xogo de rimas. Escollemos o idioma e comeza o xogo! Tedes que axudar o barco das rimas a atopar cales son os debuxos que rematan igual.

<https://view.genial.ly/5e8359fdad7e6d0e3aaacf37/game-crucero-de-rimas>

3 Imitar.

Facemos diferentes sons de animais, vehículos, obxectos da casa etc. Para que os demais adiviñen de que se trata. Logo podemos cambiar e que sexa outro o que faga os sons.

4 Debuxar para falar.

Nestes días de tanto tempo na casa seguro que houbo cousas que vos gustou moito facer. Debuxade o voso día, actividade ou xogo favorito e logo contádelle a alguén por que vos gustou, que foi o mellor, que fixestes...